



RESUMO ELECCIÓN S AO CONSELLO ESCOLAR (OUTUBRO-NOVEMBRO, 2024)

Composición do Consello Escolar dos IES

- A/o director/a, que será o presidente/a
- A/o xefa/e de estudos
- Un/unha representante do Concello
- Sete profesoras/es elixidas/os polo claustro
- Catro alumnas/os elixidas/os polo alumnado
- Tres nais, pais ou titores legais, un/ha das cales será designada pola ANPA.
- Un/unha representante do persoal de administración e servizos
- A/a secretaria/o do centro actuará como secretario/a do Consello Escolar con voz pero sen voto

Funcións do Consello Escolar dos IES

- Decidir sobre a admisión do alumnado
- Aprobar a conta anual de xestión do orzamento e o proxecto de orzamento do centro
- Discutir e aprobar a Programación Xeral do centro
- Elaborar as directrices xerais para o desenvolvemento das actividades extraescolares e complementarias
- Establecer os criterios para a participación do centro en actividades culturais, deportivas, recreativas e solidarias
- Fomentar as relacións de colaboración con outros centros
- Aprobar as Normas de Organización e Funcionamento do Centro e as súas posibles modificacións
- Promover a renovación e conservación das instalacións
- Supervisar a administración xeral no centro, nos seus aspectos administrativos e docentes
- Coñecer e avaliar o rendemento escolar do centro
- Emitir informes sobre a situación xeral do centro
- Propoñer á administración melloras para o funcionamento do centro

Quen se pode presentar ás eleccións ao Consello Escolar?

1. Son electores e elixibles todos os membros da comunidade escolar, pero cada membro soamente poderá ser candidato por un dos sectores da comunidade escolar. Non forman parte do claustro de profesores, a efectos de elección dos representantes do profesorado, o profesorado substituto, pero si o profesorado substituído.
2. O prazo de admisión de candidatos non será inferior a sete días.
3. Pechado o prazo de admisión de candidatos, a xunta electoral fará publica a proclamación de candidatos/as.
4. Contra o acordo de proclamación poderase reclamar no prazo dos dous días seguintes. A Xunta Electoral resolverá no seguinte día hábil e contra a súa decisión poderá interpoñerse recurso, que non terá efectos suspensivos, perante o director territorial da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP.

**REPRESENTANTES QUE SE ELIXEN NESTA CONVOCATORIA ELECTORAL 2024**

PROFESORADO	<p>Escóllense SEIS membros do profesorado.</p> <p>-CATRO profesores/as con nomeamento de catro anos (ata 2028), designados polas catro candidaturas de máis votos.</p> <p>-DOUS, con nomeamento de dous anos (ata 2026), a quinta e sexta candidaturas en votos.</p>
ALUMNADO	<p>Escóllense TRES membros do alumnado:</p> <p>-DOUS alumnos/as, con nomeamento de catro anos (ata 2028), designados/as polas dúas candidaturas de máis votos.</p> <p>-UN, con nomeamento de dous anos (ata 2026), a terceira candidatura en votos.</p>
FAMILIAS	<p>Escóllense DOUS membros das familias:</p> <p>-UN, con nomeamento de catro anos (ata 2028), designado pola candidatura de máis votos.</p> <p>-UN, con nomeamento de dous anos (ata 2026), a segunda candidatura en votos.</p> <p>Ademais, outro membro é designado pola Asociación de Nais e Pais do Alumnado (ANPA).</p>